

GRIPES A

<p>Posición de CCOO</p>	<p>Como consecuencia das accións emprendidas pola empresa para informar o cadro de persoal da evolución da gripe A mediante comunicados xerais e persoais así como coa creación dunha páxina web e un comité de seguimento da pandemia para prever e establecer protocolos nas distintas actuacións que se tomen en cada momento, os delegados de prevención de CCOO exercitamos o noso dereito á participación nestes procesos e convocamos unha reunión extraordinaria do Comité de Seguridade e Saúde como primeiro paso reivindicativo neste sentido e no da información e formación. Esta reunión celebrouse o pasado día 29 de setembro.</p> <p>Nesta reunión fomos informados da creación dun comité formado por varios dos departamentos que poden verse afectados na resolución dunha situación de urxencia, de se producir as previsións máis pesimistas no devir desta pandemia. Basicamente, comentouse o que xa está escrito na web creada na intranet para a GRIPE A.</p>
<p>Plan de Continuidade de Negocio</p>	<p>Froito desta reunión, onde constatamos a preocupación da empresa por este tema, conseguimos a presenza de delegados de prevención no Comité de Seguimento da pandemia e solicitamos á empresa a volta do servizo de limpeza os mércores e sábados como feito coherente coa recomendación por parte de Sanidade de incrementar a frecuencia e calidade da hixiene nos centros de traballo e, sobre todo, nos lugares máis frecuentados por clientela e traballadores e traballadoras.</p> <p>Desde CCOO presentamos unha proposta de protocolo de actuación, sempre desde o plano da prevención do risco laboral, ao que poidan estar expostos os traballadores, cuxos puntos máis relevantes son:</p>
<p>CCOO presenta proposta de Protocolo de prevención e actuación ante a gripe A</p>	<p>Formación e información</p> <ul style="list-style-type: none"> • Información personalizada aos empregados, lembrando as medidas hixiénicas e preventivas recomendadas polas autoridades sanitarias, incluíndo recomendacións de non usar ou compartir as mesmas ferramentas de traballo (teclados, grampadoras, bolígrafos, etc.) e, sobre todo, non compartir o teléfono. • Información, ben visible, no patio de operacións das oficinas e xunta os postos de traballo, dirixida á clientela, coas recomendacións preventivas para evitar o posible contaxio, tales como evitar o contacto persoal e manter unha distancia co interlocutor de, polo menos, un metro. • Cambio de situación (caixa-mostrador, Xestión Comercial, etc.) de empregados/as de especial sensibilidade, embarazadas e lactantes, recolocándoos en lugares e funcións que non precisen do contacto directo coa clientela. Estes cambios deben ser ditaminados polos responsables do Servizo Médico a través das Zonas, e executados polos responsables dos centros de traballo. • Lembrar que unha mal entendida vontade de servizo pode resultar prexudicial incluso para os intereses da propia empresa, e que en caso de sospeita de padecer a enfermidade, o mellor servizo é non acudir ao posto de traballo ata non recibir a confirmación médica. • Licenza para empregados con persoas dependentes.

<p>A gripe A é unha posible pandemia, pero en Banco Sabadell hai outras pandemias que son unha realidade</p>	<p>Medidas hixiénicas persoais</p> <ul style="list-style-type: none"> • Dotación de panos de papel desbotables en todos os centros de traballo. • Xel antiséptico e toallíñas antisépticas para os empregados/as de caixa cuxa función inclúe a manipulación do diñeiro. • Dotación de bolígrafos (a ser posible con dosificador) para uso dos clientes, que poidan levalos e non ter que compartilos. <p>Medidas de hixiene no contorno de traballo</p> <ul style="list-style-type: none"> • Reforzo de limpeza, en todos os centros de traballo e todos os días, incluíndo naturalmente os sábados do semestre outono/inverno. Na actualidade produciuse un recorte tanto en tempo como en días, sobre o que CCOO xa manifestou a desconformidade ante a representación empresarial no CESS. Este reforzo de limpeza diaria deberá ser máis exhaustivo en teclados, teléfonos, pomos de portas, etc. • Aumento de ventilación dos lugares de traballo (actuación de mantemento). <p>Medidas de control</p> <ul style="list-style-type: none"> • Elaboración dun plan de urxencia e/ou protocolo de actuación coa participación dos delegados de prevención, como especifica a Lei de prevención de riscos, art. 36, sobre competencias. Este plan debe recoller a organización do traballo en oficinas ante as necesidades que poidan xurdir. • Inclusión do CESS no Comité de Seguimento. <p>A representación empresarial no CESS dáse por informada destas propostas sen se comprometer en ningunha delas; cousa bastante curiosa se temos en conta que son basicamente as medidas acordadas para a prevención da expansión desta enfermidade pola maioría de axentes sociais, incluída o patronal CEOE. No caso concreto da limpeza, anuncia cambios nos produtos sen que iso implique un reforzo ou incidencia diaria, cuestión que non estamos dispostos a consentir.</p> <p>Polo demais, este tema non nos ten que distraer de cuestións que nos afectan durante todo o ano aos empregados/as desta empresa, como son as cargas de traballo, traslados forzados a varios quilómetros do domicilio, organización e presións nas oficinas; para as que de momento non se creou ningunha aplicación específica na Intranet nin un Comité de Seguimento.</p> <p>Outubro de 2009</p>
---	---

Boletín de afiliación

Enviar a ➔ 3532-0002

Data.....

Nome e apelidos

DNI correo electrónico

Dirección

Poboación

Código postal

Domiciliación bancaria:

Entidade _____ Oficina _____ DC _____ Conta _____

Sinatura:

PROTECCIÓN DE DATOS:

Os teus datos serán incorporados a un ficheiro titularidade de CC OO integrado polos ficheiros pertencentes á confederación ou unión rexional correspondente, segundo o lugar onde radique o teu centro de traballo, á federación do sector ao que pertenza a empresa na que traballes, así como —en todo caso— á CSCCOO. No seguinte URL podes consultar os diferentes entes que compoñen CC OO: <http://www.ccoo.es/sindicato/sindicato.html>. A finalidade do tratamento dos teus datos por parte de todos eles é o mantemento da túa relación como afiliado/a, coas concretas finalidades establecidas nos estatutos. Ademais do indicado, os teus datos poden ser empregados por CC OO para che remitir información sobre as actividades e acordos de colaboración que se establezan con outras entidades. Sempre estarás informado na web de CSCCOO (<http://www.ccoo.es>) dos ditos acordos e dos datos desas entidades. Podes exercer os teus dereitos de acceso, rectificación, cancelación e, se for o caso, oposición, enviando unha solicitude por escrito acompañada da fotocopia do teu DNI dirixida a CSCCOO con domicilio sito na R/ Fernández de la Hoz n.º 12. 28010. Madrid. Deberá indicar sempre a referencia «PROTECCIÓN DE DATOS». Se tes algunha dúbida ao respecto podes remitir un correo electrónico a lodp@cco.es ou chamar por teléfono ao 917028077.